

Cronograma do desenvolvimento do estudo

O estudo das necesidades formativas no sector forestal en España abarcou un período de seis meses para a súa execución.

O proxecto desenvolveuse en 6 fases e as actividades que se realizaron en cada unha delas supuxeron unha contribución de contidos para o desenvolvemento das outras fases. En todo o proxecto existiu unha avaliación continuada e unha validación dos resultados.

N.º	ACTIVIDADE	DATA INICIO	DATA FIN
1	Formación do equipo e planificación	2-6-03	10-6-03
2	Fase documental	3-6-03	15-12-03
3	Prospección de campo	9-7-03	12-10-03
4	Análise e tratamento de datos	16-7-03	1-12-03
5	Validación de datos	14-7-03	11-12-03
6	Elaboración do documento final	20-10-03	22-12-03

3.1. FORMACIÓN DO EQUIPO E PLANIFICACIÓN

Nesta fase procedeu a constituír o equipo cos técnicos e analistas adecuados e darlles as directrices para acadar os obxectivos contemplados no proxecto, enfocando todos os pasos da investigación cara ao sector que se estudou, o sector forestal en España, coas súas particularidades e características definitorias no momento do comezo do estudo. A súa formación desenvolveuse ao longo de todo o proceso de investigación e enfocouse á información e asesoramento (do estudo xeral, técnicas de investigación, forma en que se debían empregar os datos recollidos...). A formulación supuxo o punto de partida de toda a investigación; nela estableceuse a necesidade da demanda, as directrices que había que seguir, os contidos das seguintes fases, e permitiu artellar todas as actuacións que implicou o estudo.

3.2. FASE DOCUMENTAL

O primeiro paso da investigación propiamente dita foi a fase documental, na cal se recompilou toda aquela información e datos específicos relevantes para a realización do estudo do sector forestal nacional.

Supuxo esta fase unha primeira toma de contacto do equipo coa realidade do sector forestal nacional e un punto de partida para a acción, dirixíndose en función dunha exhaustiva busca da información relevante do sector forestal, así como buscando o punto óptimo de calidade en canto a información relevante, actualizada e de rigor sobre este sec-

tor, que polo seu propio desenvolvemento precisa dunha contribución e esforzo adicionais en canto á información relevante que se recompila.

Comezouse a perfilar unha análise económica do sector forestal no momento actual. Elaboráronse os soportes que se ían utilizar e que resultaban máis apropiados á mostra sobre a que se ían aplicar, aos traballadores do sector forestal nacional, e ás variables significativas sobre as que obter información.

Responderon estes medios ás directrices xerais marcadas na planificación do estudo e, concretamente, no deseño metodolóxico. Así, estivemos seguros de recoller información válida para o obxectivo que había que cumprir: a análise do sector forestal e a elaboración dos produtos-resultado fiables e válidos.

3.3. PROSPECCIÓN DE CAMPO

O traballo de campo centrouse na busca de información sobre a aparición de novas profesionalidades pola introdución de novas tecnoloxías, novos sistemas de organización, nova lexislación... como consecuencia da evolución do sistema produtivo; e sobre o posicionamento do sector forestal. Levouse a cabo unha análise económica do sector onde tamén se reflectiron as diferenzas xeográficas evidentes e existentes (a súa concentración en zonas determinadas, as súas diferenzas en canto a tamaño e tecnoloxía aplicada, etc.). Tamén se buscou información sobre as ocupacións en si e sobre o traballador no desempeño do seu posto. Para iso, aplicáronse as técnicas adecuadas de entre as expostas con anterioridade.

3.4. ANÁLISE E TRATAMENTO DE DATOS

Unha vez recollida a información do traballo de campo, os datos resultantes analizaron e tratáronse de forma que permitiron obter unha concreción das funcións realizadas nas distintas ocupacións forestais coa correspondente estruturación do seus contidos, determinar que requisitos implica a ocupación para o seu desempeño por parte do traballador, así como establecer as profesiografías, organigramas e fluxogramas das distintas e das novas ocupacións do sector forestal que están xurdindo como consecuencia da introdución de novas tecnoloxías e outros cambios presentados polo sector.

Dotouse de contido real a investigación a través da obtención de produtos intermedios e finais que á súa vez foron validados e consensuados no panel de expertos (validacións) para establecer a cadea lóxica e consecuente de resultados.

3.5. VALIDACIÓN DE DATOS

A información anterior reflectiuse na configuración dos produtos-resultado, elaborados despois de cada nivel. Estes produtos foron contrastados nos paneis de expertos (validacións) para o consenso.